

Fundación Deporte Galego

Contas Anuais correspondentes ó
exercicio 2024

Inclúe Informe de Auditoría Independente

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

Aos membros do Padroado da Fundación Deporte Galego

Opinión

Auditamos as contas anuais da Fundación Deporte Galego (en adiante a Fundación), que comprenden o balance de situación a 31 de decembro de 2024, a conta de resultados e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos seus aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Fundación Deporte Galego ao 31 de decembro do 2024, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2.1 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense mais adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Entidade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables a nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se vise comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre estes riscos.

Determinamos como aspecto mais relevante da auditoría que se debe comunicar no noso informe o seguinte:

Recoñecemento de ingresos

A Fundación recibe ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións detallados na nota 18.5 da memoria das contas anuais.

De acordo co marco normativo de información financeira aplicable, para contabilización dos ingresos en cumprimento dos fins da entidade, terase en conta que: a) os ingresos por prestación de servizos valoraranse polo importe acordado; b) os ingresos procedentes de promocións para captación de recursos, de patrocinadores e de colaboracións recoñeceranse cando as campañas ou actos se produzan e; c) en todo caso, deberán realizarse as periodificacións necesarias. Debido ao volume destes ingresos e a que se require a realización de análises para determinar a súa devindicación, considerouse o recoñecemento de ingresos como un aspecto relevante da nosa auditoría.

Os nosos procedementos de auditoría consistiron, fundamentalmente, na verificación do cumprimento das condicións establecidas nos acordos de patrocinio e colaboración, e na realización de probas substantivas para satisfacernos da correcta imputación dos ingresos no período. Por últimos, avaliamos que a información e as desagregacións incluídas nas notas 4.h), 4.i).2, 9.1.3, e 18.5 das contas anuais adxuntas en relación con este aspecto, resultan axeitadas aos requirimentos da normativa contable.

Responsabilidade do Director Xerente en relación coas contas anuais

O Director Xerente da Fundación é responsable de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que considere necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, o Director Xerente é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se o órgano de xestión ten a intención ou a obrigación legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría o cal contén a nosa opinión. Seguridade razoable é un alto grado de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa

normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, sempre detecte una incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude e máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a alusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polo órgano de xestión.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polo Director Xerente, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son axeitadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que la entidade deixe de ser una empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos co Director Xerente da Fundación en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos estes riscos no noso informe de auditoría, salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

BM NEIRA AUDITORES, S.L.P.
(Inscrita no Rexistro Oficial de Auditores
de Contas co Nº S2364)

Teresa Cuñarro López
(R.O.A.C. Nº 19.857)
30 de xuño do 2025

Contas Anuais

Exercicio 2024

CIF: G-15769383
DENOMINACIÓN SOCIAL: FUNDACION DEPORTE GALEGO

BALANCE DE SITUACION NORMAL DOS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2024 E 2023
FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO
(en euros)

ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	2024	2023
A) ACTIVO NON CORRENTE		5.215.437,98 €	855.686,75 €
I. Inmobilizado intanxible	Nota 5	404.408,27 €	635.910,84 €
3. Patentes, licenzas, marcas e similares		3.535,93 €	4.820,78 €
5. Aplicacións informáticas		- €	3.056,70 €
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso		400.872,34 €	628.033,36 €
III. Inmobilizado material	Nota 7	182.856,46 €	219.701,84 €
2. Instalacións técnicas e outro inmobilizado material		182.856,46 €	219.701,84 €
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	Nota 9	74,07 €	74,07 €
5. Outros activos financeiros		74,07 €	74,07 €
VIII. Debedores non correntes e outras débedas a longo prazo		4.628.099,18 €	- €
B) ACTIVO CORRIENTE		4.089.289,66 €	5.328.613,03 €
III. Usuarios e outros debedores da actividade propia	Nota 9	1.400.493,60 €	1.000.493,60 €
IV. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	Nota 9	610.539,96 €	864.011,87 €
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		186.753,62 €	137.715,12 €
6. Outros créditos coas administracións públicas	Nota 16	423.786,34 €	726.296,75 €
VI. Investimentos financeiros a curto prazo	Nota 9	100,00 €	100,00 €
5. Outros activos financeiros		100,00 €	100,00 €
VII. Periodificacións a curto prazo	Nota 18.13	1.635.737,50 €	1.954.147,60 €
VIII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	Nota 10	442.418,60 €	1.509.859,96 €
1. Tesourería		442.418,60 €	1.509.859,96 €
TOTAL ACTIVO (A + B)		9.304.727,64 €	6.184.299,78 €

CIF: G-15769383
DENOMINACIÓN SOCIAL: FUNDACION DEPORTE GALEGO

BALANCE DE SITUACION NORMAL DOS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2024 E 2023
FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO
(en euros)

PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	2024	2023
A) PATRIMONIO NETO		1.951.022,56 €	2.319.750,58 €
A-1) Fondos propios	Nota 11	1.540.077,70 €	1.680.246,90 €
I. Dotación fundacional/Fondo social		5.085.336,01 €	5.085.336,01 €
1. Dotación fundacional/Fondo social		5.085.336,01 €	5.085.336,01 €
II. Reservas	-	9.452,89 €	9.452,89 €
III. Excedentes de ejercicios anteriores	-	3.378.971,40 €	3.409.689,59 €
1. Remanente		1.898.466,30 €	1.867.748,11 €
2. Excedentes negativos de ejercicios anteriores	-	5.277.437,70 €	5.277.437,70 €
IV. Excedente do exercicio	-	156.834,02 €	14.053,37 €
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	Nota 12	410.944,86 €	639.503,68 €
I. Subvencións		410.944,86 €	639.503,68 €
B) PASIVO NON CORRENTE		4.653.144,58 €	25.045,40 €
II. Débedas a longo prazo	Nota 14	25.045,40 €	25.045,40 €
5. Outros pasivos financeiros		25.045,40 €	25.045,40 €
V. Periodificacións a longo prazo	Nota 14	4.628.099,18 €	- €
C) PASIVO CORRENTE		2.700.560,50 €	3.839.503,80 €
III. Débedas a curto prazo		122.542,51 €	220.743,52 €
5. Outros pasivos financeiros	Nota 14	122.542,51 €	220.743,52 €
V. Beneficiarios-acreedores	Nota 14	24.774,14 €	37.226,64 €
VI. Acreedores comerciais e outras contas a pagar	Nota 14	2.044.748,05 €	2.581.533,64 €
3. Acreedores varios		2.003.045,59 €	2.457.836,37 €
6. Outras débedas coas Administracións Públicas	Nota 16	41.702,46 €	123.697,27 €
VII. Periodificacións a curto prazo.		508.495,80 €	1.000.000,00 €
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)		9.304.727,64 €	6.184.299,78 €

CIF: G-15769383
DENOMINACIÓN SOCIAL: FUNDACION DEPORTE GALEGO

**CONTA DE RESULTADOS DOS EXERCICIOS ANUAIS
REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2024 E 2023
FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**
(en euros)

NÚMEROS DE CONTAS		Nota da memoria	(Debe)/Haber	
			2024	2023
	A) Excedente do exercicio			
	1. Ingresos da entidade pola actividade propia.		4.626.777,09 €	5.104.504,62 €
721	b) Achegas de usuarios	Nota 18	255.657,09 €	61.397,70 €
722,723	c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	Nota 18	1.648.528,99 €	1.000.000,00 €
740,748	d) Subvencións imputadas a resultados do exercicio	Nota 12	2.722.591,01 €	4.043.106,92 €
	3. Gastos por axudas e outros	Nota 18	- 489.500,00 €	- 767.390,00 €
(650)	a) Axudas monetarias		- 496.500,00 €	- 767.390,00 €
(658)	d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados		7.000,00 €	- €
(600),(601),(602),606,(607),608,609,61*, (6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	6. Aproveisionamentos	Nota 18	- 668.527,09 €	- 446.957,74 €
75	7. Outros ingresos da actividade		220.531,96 €	159.735,62 €
(64)	8. Gastos de personal	Nota 18	- 378.594,28 €	- 380.650,51 €
	a) Soldos, salarios e asimilados		- 283.991,54 €	- 287.377,06 €
	b) Cargas sociais		- 94.602,74 €	- 93.273,45 €
	9. Outros gastos da actividade	Nota 18	- 3.496.018,71 €	- 3.664.207,16 €
(62)	a) Servizos exteriores		- 3.491.009,03 €	- 3.656.097,52 €
(631),(634),636,639	b) Tributos		- 5.009,68 €	- 8.109,64 €
(68)	10. Amortización do inmovilizado	Notas 5 e 6	- 272.426,35 €	- 271.772,33 €
	11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio			
745	a) Subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio	Nota 12	228.558,82 €	228.558,82 €
778	14. Outros resultados	Nota 18	43.037,18 €	27.305,80 €
	a) Ingresos excepcionais		43.037,18 €	27.305,80 €
	A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14)		- 186.161,38 €	- 10.872,88 €
	15. Ingresos financeiros	Nota 10	29.327,36 €	24.926,25 €
7612,7613,76202,76203,76212,76213, 767,769	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		29.327,36 €	24.926,25 €
	b ₂) En terceiros		29.327,36 €	24.926,25 €
	A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIONS FINANCEIRAS (15+16+17+18+19)		29.327,36 €	24.926,25 €
	A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		- 156.834,02 €	14.053,37 €
(6300)*,6301*,(633),638	20. Impostos sobre beneficios.			
	A.4) EXCEDENTE DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)		- 156.834,02 €	14.053,37 €
	C) Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto			
940,9420	3. Subvencións recibidas.	Nota 12	- €	- €
941,9421	4. Doazóns e legados recibidos.	Nota 12	- €	- €
	C.1) Variación do patrimonio neto por ingresos e gastos recoñecidos directamente ao patrimonio neto (1+2+3+4+5+6)		- €	- €
	D) Reclasificacións ao excedente do exercicio			
(840),(8420)	3. Subvencións recibidas.	Nota 12	- 228.558,82 €	- 228.558,82 €
(841),(8421)	4. Doazóns e legados recibidos.			
	D.1) Variación do patrimonio neto por reclasificacións ao excedente do exercicio (1+2+3+4+5)		- 228.558,82 €	- 228.558,82 €
	E) Variacións do patrimonio neto por ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto (C.1+D.1)		- 228.558,82 €	- 228.558,82 €
	F) Axustes por cambios de criterio		16.664,82 €	117.359,42 €
	G) Axustes por erros		- €	- €
	H) Variacións na dotación fundacional ou fondo social			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		- 368.728,02 €	- 97.146,03 €

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

MEMORIA DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO REMATADO A 31 DE DECEMBRO DO 2024

NOTA 1. NATUREZA DA FUNDACIÓN

a) Constitución

Coa denominación Fundación Deporte Galego, en diante Fundación, constitúese pola Administración autonómica de Galicia no ano 2001, unha organización de natureza fundacional e de interese galego no ámbito deportivo, para o impulso, o fomento do deporte e a práctica deportiva e a súa difusión entre as/os cidadáns.

A Fundación, cualificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego, adquire personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar, actuando de conformidade co establecido en ordenamento xurídico, tódolos actos que se estimen necesarios para o cumprimento dos seus fins.

A Fundación foi clasificada como Fundación mixta por orde do 6 de xuño de 2001 da Consellería de Presidencia e Administración Pública; foi declarada de interese galego, por orde do 19 de xuño do 2001, publicada no Diario Oficial de Galicia, do 28 de xuño do 2001 e inscrita no Rexistro de Fundacións. Desde xaneiro de 2010 está adscrita ao Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A dotación inicial da Fundación (dotación fundacional) foi constituída no ano 2001 pola achega realizada polo seu promotor (patrón fundador), que foi a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, por importe de 30.050,61 €. No exercicio 2006 aprobouse unha ampliación da dotación fundacional por importe de 3.000.000,00 €, no exercicio 2015 outra ampliación por importe de 1.355.285,40 €, e en 2016 unha ampliación por 700.000,00 €.

A 31 de decembro de 2024, a súa Dotación Fundacional ascendía a 5.085.336,01 euros, subscrito e desembolsado, segundo se recolle a continuación:

PATRÓNS FUNDADORES	% PARTICIPACION	DOTACION FUNDACIONAL
Xunta de Galicia. Secretaría Xeral para o Deporte	100%	5.085.336,01
TOTAL	100%	5.085.336,01

O domicilio social da Fundación radica na rúa Madrid, 2-4, de Santiago de Compostela, sendo o seu N.I.F. G15769383. A Fundación desenvolverá a súa actividade na comunidade autónoma galega sen prexuízo de poder acometer actuacións fora de Galicia cando estas teñan por obxecto a consecución de fins de interese galego relacionados co seu obxecto fundacional.

Os bens e dereitos que conforman o patrimonio da Fundación, así como as rendas que estes produzan e os ingresos que a Fundación poida obter, quedarán vinculados, de maneira directa e inmediata, ao cumprimento dos fins fundacionais.

Entre os seus fins atópase a promoción e incentivo do deporte e a práctica deportiva na comunidade autónoma galega. Para isto, a Fundación Deporte Galego poderá, entre outras cousas colaborar con administracións e empresas públicas e privadas e con federacións deportivas. Así mesmo, a Fundación Deporte Galego poderá construír e xestionar directa ou indirectamente instalacións deportivas propias e alleas, e levar a cabo calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora do deporte e da práctica deportiva na comunidade autónoma de Galicia.

b) Réxime Xeral

A Fundación foi declarada de interese galego, polo que está regulada pola *Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego*, polo *Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego* e polo *Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego*.

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle é de aplicación, a normativa de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*, a lexislación xeral de subvencións, a Lei de contratos do sector público, e a normativa da función pública de Galicia, nos aspectos que procedan.

Rexerase tamén polas disposicións que lle sexan aplicables da *Ley 49/2002 de 23 de diciembre, de régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales de mecenazgo*, publicada no BOE nº 307 do 24 de decembro do 2002; a *Ley 50/2002, de 26 de diciembre, de Fundaciones*, publicada no BOE nº 310 do 27 de decembro do 2002 e o *Real Decreto 1270/2003, de 10 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento para la aplicación del régimen fiscal de las entidades sin fines lucrativos y de los incentivos fiscales al mecenazgo*.

c) Actividade

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos, a Fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calquera outra vertente do eido deportivo e da actividade física, como son o ámbito educativo, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas funcións sociais. Para estes desenvolvementos, a Fundación poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en calquera actividades, accións e programas, que coadxuven ao mellor cumprimento dos seus fins fundacionais.

- Organización e/ou apoio, de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins, a celebrar na comunidade autónoma galega, ou fóra dela cando sexa de interese para aquela, así como participación, apoio, patrocinio, ou calquera outra forma de colaboración, na realización de actividades, programas e eventos vinculados ao ámbito deportivo, organizados por outras persoas, entidades ou institucións, públicas ou privadas.
- Fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia.
- Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as.
- Realización de actividades formativas e divulgativas nos ámbitos de interese para a Fundación, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais.
- Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins.
- Construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas, podendo a Fundación, no seu caso, fixar os prezos a percibir polos servizos prestados aos/as usuarios/as atendendo ao estipulado pola lexislación en vigor.
- Xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica. A Fundación xestionará, directa ou indirectamente, as instalacións e servizos seguidamente referenciados e de titularidade da comunidade autónoma galega:
 - Complexo Deportivo de Elviña (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de A Sardiñeira (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de Agra I (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo Agra II (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo Elviña II (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo de Montes das Moas (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo de Monte Alto (A Coruña)
 - Parques deportivo e acuático, e instalacións anexas, de Acea de Ama (Culleredo, A Coruña)
 - Complexo deportivo de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense)
- Tramitación diante das administracións, institucións e outras entidades das correspondentes solicitudes de subvención, axudas, así como a xestión de doazóns, convenios de colaboración, contratos de patrocinio, etc., que aporten recursos para o cumprimento dos fins fundacionais.
- Exercicio das actividades económicas precisas para o cumprimento dos seus fins, así como todas aquelas accións subordinadas ou accesorias á actividade principal.
- Calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora da actividade física e do deporte na comunidade autónoma de Galicia.

O beneficiario dos fins fundacionais, e de todas e cada unha das actividades da Fundación, é a sociedade galega na súa calidade de receptora da actividade de fomento do deporte e da práctica deportiva.

As actividades desenvolvidas pola Fundación no exercicio foron:

- Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable" (Deseño e desenvolvemento de programas de fomento de actividade física saudable na Comunidade Autónoma de Galicia e impulso do sector da actividade física e o deporte para que sexa unha ferramenta de crecemento económico de Galicia).
- Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de Alto Nivel.
- Convenios de patrocinio cos clubs galegos de alta competición para a tempada 2023/2024.
- Convenios de patrocinio cos clubs galegos femininos de alta competición de Galicia 2024.

Tódalas actividades desenvólvense dende a sede social da Fundación e dende as instalacións deportivas.

A Fundación Deporte Galego pretende obter recursos privados para destinalos aos seus fins fundacionais, para o cal, tenta potenciar a súa imaxe corporativa co obxecto de acadar que os patrocinadores privados realicen achegas económicas, ben a través de contratos de patrocinio, de convenios de colaboración ou de doazóns. Para potenciar esta imaxe, a Fundación concede axudas e/ou formaliza contratos ou convenios de patrocinio con deportistas individuais e con entidades deportivas ao obxecto de aumentar o valor da súa marca, e lograr así un aumento dos seus ingresos privados.

Grupo de sociedades.

A Fundación non participa en ningunha outra sociedade, nin ten relación algunha con outras entidades coas cales se poida establecer unha relación de grupo ou asociada de acordo cos requisitos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio e nas Normas do Real Decreto 1514/2007 polo que se aprobou o Plan Xeral de Contabilidade.

Pola súa dotación fundacional é unha Fundación do sector público (100% Xunta de Galicia).

O exercicio económico coincide co ano natural.

A moeda funcional coa que opera a Fundación é o euro.

NOTA 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

2.1. Imaxe fiel

As Contas Anuais do exercicio 2024 axuntas foron formuladas polo Director-Xerente a partires dos rexistros contables da Fundación ao 31 de decembro do 2024 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no *Plan de Contabilidade das entidades sen fins lucrativos* (aprobado pola *Resolución de 26 de marzo de 2013, del Instituto de Contabilidad y Auditoría de Cuentas*) (que inclúe o *Real Decreto 1491/2011, de 24 de octubre, por lo que se aprueban las normas de adaptación del Plan General de Contabilidad a las entidades sin fines lucrativos y el modelo de Plan de Actuación de las Entidades sin Fines Lucrativos*, o *Real Decreto 1514/2007, de 16 de noviembre, por el que se aprueba el Plan General de*

Contabilidad) e o *Real Decreto 602/2016, de 2 de decembro*, e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados das súas operacións, e do grao de cumprimento das súas actividades, así como a veracidade dos fluxos incorporados no estado de fluxos de efectivo.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostra-la imaxe fiel, non se aplicaran disposicións legais en materia contable.

As contas anuais de 2024 formuladas polo Director-Xerente da Fundación, someteranse á aprobación do Padroado, estimándose que serán aprobadas sen ningunha modificación.

As Contas Anuais do exercicio 2023, foron aprobadas polo Padroado da Fundación no Pleno do día 4 de xullo de 2024.

2.2. Principios contables

As Contas Anuais preparáronse en base aos principios e criterios de contabilidade xeralmente aceptados.

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

Principio de empresa en funcionamento

Ao peche do exercicio 2024 a Fundación presenta unha cifra de fondos propios positiva por valor de 1.540.077,70 €.

A súa cifra de patrimonio neto é positiva por valor de 1.951.022,26 €, debido ás subvencións, doazóns e legados recibidos e pendentes de imputar ao excedente (ver nota 12 memoria). Pola súa banda, a Fundación presenta un fondo de manobra practicamente equilibrado e non dispón de endebedamento con entidades de crédito ao peche do exercicio.

Asemade, preséntase un orzamento cun superávit de +14.053,00 euros para o exercicio 2025 (coa continuación das actividades previstas e sobre as que xa existe financiamento -axudas e outros recursos-).

Pola súa parte, a intención do patrón fundador (Xunta de Galicia) é seguir prestando o seu apoio económico e financeiro á Fundación para a realización das súas actividades.

Polo tanto, a Fundación elaborou os seus estados financeiros baixo o principio da empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais que se axuntan, foron empregadas, ocasionalmente seguindo a normativa aplicable, estimacións realizadas pola Dirección da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos que figuran rexistrados nelas. Basicamente, estas estimacións refírense a:

- Vida útil dos activos intanxibles e materiais (ver nota 4.a e 4.b da memoria).
- Pasivos continxentes. A probabilidade de ocorrencia e o importe dos pasivos indeterminados ou continxentes.

- As estimacións realizadas para a determinación dos compromisos de pagos e cobros futuros (ver nota 8 da memoria).
- Deterioro de créditos por insolvencias (ver nota 9 da memoria).
- Valoración dos activos cedidos pola Xunta de Galicia (instalacións deportivas) (Ver nota 4 da memoria). Estimación de FNC e taxa de actualización.

A entidade ten elaborado os seus estados financeiros baixo o principio de entidade en funcionamento, tendo en consideración a situación do exercicio 2024 non existindo risco de continuidade na súa actividade sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

2.4. Comparación da Información

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance e da conta de resultados, ademais das cifras do exercicio 2024, as correspondentes ao exercicio anterior. Asemade, a información contida nesta memoria referida ao exercicio 2024 preséntase, a efectos comparativos, coa información do exercicio 2023.

A Fundación está obrigada legalmente a realizar auditoría das contas anuais do exercicio 2024 e estivo obrigada legalmente a realizar auditoría das contas anuais do exercicio 2023.

2.5. Agrupación de partidas

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance e na conta de resultados.

2.6. Elementos recollidos en varias partidas

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en dúas ou máis partidas do balance.

2.7. Cambios en criterios contables

Durante o exercicio 2024 non se produciron cambios significativos de criterios contables respecto aos criterios aplicados no exercicio anterior.

2.8. Corrección de erros

As Contas Anuais do exercicio 2024 non inclúen axustes contra reservas realizados como consecuencia de erros contables. Durante o exercicio realizáronse correccións contra remanentes tal e como se explica na Nota 11.3.

As Contas Anuais do exercicio 2023 non inclúen axustes contra reservas realizados como consecuencia de erros contables. Durante o exercicio realizáronse correccións contra remanentes tal e como se explica na Nota 11.3.

2.9. Importancia Relativa

Ao determinar a información a pormenorizar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Fundación, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio.

2.10. Clasificación de Curto e Longo Prazo

Os diversos débitos ou créditos preséntanse clasificados como curto ou longo prazo segundo sexan os seus vencementos inferiores ou superiores ao ano, respectivamente.

NOTA 3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

O resultado do exercicio 2024 ascende a -156.834,02 euros, mentres que o excedente do exercicio 2023 ascendeu a 14.053,37. Ao longo desta memoria infórmase sobre as partidas que os compoñen, segundo as referencias sinaladas na conta de resultados.

O Director-Xerente propondrá ao Padroado que os -156.834,02 euros que constitúen o resultado negativo do exercicio 2024, pasen a formar parte dos remanentes negativos de exercicios anteriores.

A proposta da distribución do excedente do exercicio 2023, formulada e aprobada polo Padroado o 4 de xullo de 2024 foi que os 14.053,37 euros que constitúen o resultado positivo do exercicio 2023, pasen a formar parte dos remanentes de exercicios anteriores.

A Fundación é unha entidade sen fins lucrativos, polo que os excedentes positivos obtidos pola mesma, en ningún caso poderán ser obxecto de reparto.

O Director/Xerente considera que esta distribución está de acordo cos Estatutos, coa Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, coa Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego e o Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego.

NOTA 4. NORMAS DE VALORACIÓN

Os criterios contables máis significativos aplicados na formulación das contas anuais son os que se describen a continuación:

a) Inmovilizado intanxible

O inmovilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custo, xa sexa este o prezo de adquisición ou o custo de produción.

Despois do recoñecemento inicial, o inmovilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, no seu caso, o importe acumulado das correccións por deterioro rexistradas.

Os activos intanxibles son activos de vida útil definida e, polo tanto, se amortizan sistematicamente en función da súa vida útil estimada dos mesmos e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche de exercicio e, se procede, axustados de forma

prospectiva. Polo menos ao peche do exercicio, avalíase a existencia de indicios de deterioro. Nese caso estímase os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

No presente exercicio non se recoñeceron perdas netas por deterioración derivadas dos activos intanxibles.

Propiedade industrial:

Trátase dos custos derivados do rexistro das “marcas” e “logotipos” da Fundación. Atópanse valorados ao seu prezo de adquisición.

No balance figuran varias marcas da Fundación Deporte Galego con diversos logotipos, valoradas ao seu prezo de adquisición. Considérase que pódense renovar a elección da Fundación sen ningún tipo de custe, sempre que se cumpran as condicións da licenza.

Conforme á Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas (BOE 21 de xullo de 2015) os inmovilizados intanxibles son activos de vida útil definida. Cando a vida útil destes activos non poda estimarse de maneira fiable amortízanse nun prazo de dez anos, salvo que outra disposición legal ou regulamentaria estableza un prazo diferente.

Ademais sométense, polo menos unha vez ao ano, ao test de deterioración.

Aplicacións informáticas:

Atópanse valorados ao seu prezo de adquisición.

Os custos de melloras ou modernización que representen un aumento da capacidade ou eficiencia, ou alongamento da vida útil, capitalízanse como maior custo.

As reparacións que non representan unha ampliación da vida útil e os custos de mantemento son cargados na conta de resultados do exercicio no que se producen.

Bens recibidos en cesión de uso

1. Instalacións deportivas

No ano 2001, e posteriormente nos anos 2003 e 2004, a Xunta de Galicia cede á Fundación unhas instalacións deportivas de titularidade autonómica, detalladas na *nota 1.c da memoria*. Para iso, formalizáronse convenios de colaboración cuxo obxecto é a xestión integral, explotación e mantemento do servizo público das instalacións. Por iso, prodúcense as respectivas actas de posesión pola Fundación das instalacións e equipamentos que posúen, que reverterán á Xunta de Galicia á finalización do convenio. O prazo de cesión de tódalas instalacións deportivas é de 25 anos iniciais (é dicires, ata o ano 2026), prorrogables.

No ano 2007 a Fundación procede a valorar as instalacións como concesións administrativas segundo as normas contables vixentes naquel momento. Procedeuse a valorar as instalacións mediante a actualización do fluxos netos de caixa (FNC) estimados no período inicial da cesión (ata o 2026), efectuándose dita valoración para o conxunto das instalacións, tomadas como unha única unidade xeradora de efectivo xa que se ceden pola Xunta no seu conxunto e todas teñen a mesma data de reversión. Os FNC foron descontados a unha taxa efectiva neta anual, é dicir, descontada

a inflación prevista, do 5,8%. O importe da devandita valoración ascendeu a 4.444.043,84 euros, os cales foron incluídos nunha conta de inmovilizado inmaterial, tendo coma contrapartida unha conta de ingresos diferidos, a cal se imputa anualmente a resultados en proporción á súa amortización.

Posteriormente, no exercicio 2008, a Fundación procedeu a revisar a valoración das instalacións recibidas en cesión para a súa xestión, estimando uns novos fluxos netos de caixa esperados e outra taxa de actualización (3,8%). Obtívose unha nova valoración a 1 de xaneiro de 2007, que ascendeu a 4.600.430,13 €, orixinando un aumento do valor en 156.386,29 € con abono na conta 130.) Subvencións Oficiais de Capital. Como consecuencia disto, modificouse a amortización das mesmas correspondente ao ano 2007 en 7.916,07 €, con cargo a Reservas.

Ao peche do exercicio 2013 e durante o exercicio 2014, a Fundación non actualizou a valoración das instalacións deportivas por considerar que a posible variación da mesma carece de importancia relativa e, ademais, o resultado do exercicio non variaría.

Ao peche do exercicio 2014 a Fundación procedeu a revisar a valoración das instalacións recibidas en cesión para a súa xestión, dada a nova situación proposta para determinadas instalacións deportivas. Así, diferéncianse as instalacións en dous tipos: as de xestión propia da Fundación e as instalacións xestionadas por terceiros (mediante concesión). As instalacións de xestión directa (propia) son deficitarias e, polo tanto, non son unidades xeradoras de efectivo, non tendo valor para a Fundación. As instalacións de xestión indirecta (*xestionadas por terceiros mediante concesión*) son unidades xeradoras de efectivo de xeito independente, polo que se procedeu á súa valoración de xeito separado. O método de valoración foi a actualización dos fluxos netos de caixa estimados para o período 2015 a 2026 (período final das cesións), cunha taxa de actualización do 5%. Con isto, obtivéronse as valoracións das instalacións a 31/12/2014 e ascenderon a 2.672.482,54 €, procedendo a dar de baixa a antiga valoración neta que figuraba no activo do balance e rexistrando as novas valoracións dos activos na partida de "inmovilizacións intanxibles". A nova valoración orixinou unha minoración de valor de 65.005,32 € con cargo no patrimonio neto, na partida A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.

Ao peche dos exercicios 2023 e 2024, a Fundación non actualizou a valoración das instalacións deportivas por considerar que a posible variación da mesma carece de importancia relativa e, ademais, o excedente do exercicio non variaría.

O Director-Xerente da Fundación estima que as instalacións deportivas non figurarán cedidas á Fundación na práctica totalidade da súa vida económica e que o prazo da cesión non comprende a práctica totalidade da vida útil dos bens recibidos en cesión. Isto é, a vida útil dos bens recibidos é superior ao período de cesión. De conformidade coa norma de valoración (ver nota 4. h da memoria) (*e ata o ano 2011 segundo a consulta 6 do Boicac nº 77/2009*), e segundo as estimacións realizadas pola Fundación, rexístrase o dereito ao uso das instalacións coma un activo intanxible.

2. Centro administrativo e de xestión da Fundación

En 2016 a Consellería de Facenda adscribiu espazos dun edificio, na rúa de Madrid 2-4 do concello de Santiago -Edificio EGAP- para que se trasladase alí o persoal da Secretaría Xeral para o Deporte, Fundación Deporte Galego, Dirección Xeral de Administración Local e a Dirección Xeral de Xustiza. Desde esa data a Fundación emprega estas instalacións como sede administrativa. A Fundación debe asumir os gastos derivados dos consumos de auga, electricidade e equivalente, así como os dos mantementos das instalacións ou servizos que vaian ser compartidos, en proporción a súa porcentaxe de ocupación.

A amortización dos elementos do inmovilizado intanxible realízase, desde o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de xeito lineal durante a súa vida útil estimada, estimando un valor residual nulo, en función das seguintes porcentaxes de amortización segundo os anos de vida útil:

Descrición	% Anual
Instalacións deportivas recibidas en cesión(*)	8,50%
Aplicacións Informáticas	33% e 25%
Páxina web (**)	20%
Marcas	10% (***)

(*) Amortízanse no período de concesión inicial, ata outubro do ano 2026.

(**) No exercicio 2008 rexistrouse como inmovilizado intanxible a web de Brest, amortizándose no mesmo ano.

(***) Conforme á Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas (BOE 21 de xullo de 2015) os inmovilizados intanxibles son activos de vida útil definida. Cando a vida útil destes activos non poda estimarse de maneira fiable amortízanse nun prazo de dez anos, salvo que outra disposición legal ou regulamentaria estableza un prazo diferente

Deterioro do valor de inmovilizado intanxible:

Ao peche do exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor, a Fundación revisa os importes en libros dos seus activos intanxibles para determinar se existen indicios de que ditos activos sufrisen unha perda por deterioro de valor. Se existe calquera indicio, o importe recuperable do activo calcúlase co obxecto de determinar o alcance da perda por deterioro de valor (se a houbese). No caso de que o activo non xere fluxos de efectivo por si mesmo que sexan independentes doutros activos, a Fundación calculará o importe recuperable da unidade xeradora de efectivo á que pertence o activo.

O importe recuperable é o valor superior entre o valor razoable menos o custo da venda e o valor en uso.

Nos exercicios 2024 e 2023 a Fundación non rexistrou perdas por deterioro do inmovilizado intanxible.

b) Inmovilizado material:

Valórase ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción, que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, tódolos gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derriba, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares.

A Fundación inclúe no custo do inmovilizado material que precisa un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción.

Forma parte, tamén, do valor inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigas asumidas derivadas do desmantelamento ou retiro e outras asociados ao activo, tales como custos de rehabilitación, cando estas obrigas dan lugar ao rexistro de provisións.

Non é aplicable á activación de grandes reparacións e custos de retiro e rehabilitación.

A Fundación non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por iso non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigas de futuro.

Rexístrase a perda por deterioro do valor dun elemento do inmovilizado material cando o seu valor neto contable supere ao seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos da venda e o seu valor en uso.

O Director-Xerente da Fundación considera que o valor contable dos activos non supera o valor recuperable dos mesmos.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos que a Fundación leva a cabo por si mesma, cargaranse nas contas de gastos que correspondan. Os custos de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor do mesmo. As contas do inmovilizado material en curso, cárganse polo importe de ditos gastos, con abono á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Fundación para si mesma.

Os custos relacionados con grandes reparacións dos elementos do inmovilizado material recoñécense como substitución no momento no que se incorre, e amortízanse durante o período que medie ata a seguinte reparación, dando de baixa calquera importe asociado á reparación que puidera permanecer no valor contable do citado inmovilizado.

Os gastos periódicos de mantemento, conservación e reparación impútanse a resultados seguindo o principio de devindicación.

Nos acordos nos que, de conformidade coa norma relativa a arrendamentos e outras operacións de natureza similar, deban clasificarse como arrendamentos operativos, os investimentos realizados polo arrendatario que non sexan separables do activo arrendado ou cedido en uso, contabilízanse como inmovilizados materiais cando cumpren a definición de activo. A amortización destes investimentos realízase en función da súa vida útil, que será a duración do contrato de arrendamento ou cesión, incluído o período de renovación cando existen evidencias que soporten que a mesma se vai producir, cando esta sexa inferior á vida económica do activo.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de xeito lineal durante a súa vida útil estimando un valor residual nulo, e aplicándose por grupos de elementos homoxéneos en función das seguintes porcentaxes de amortización segundo os anos de vida útil:

Descrición	% Anual
Maquinaria	12%
Útiles	12% e 30%
Mobiliario	10%, 15% e 20%
Equipos Procesos de Información	25%
Outro Inmovilizado	10% e 25%

c) Arrendamentos:

2010	95.550,19	0	95.550,19
2011	14.819,16	0	14.819,16
2012	25.856,64	0	25.856,64

2013	1.107,31	0	1.107,31
2014	0	-3.816.176,30	-3.816.176,30
2015	70.191,68	0	70.191,68
2016	927.641,06	0	927.641,06
2017	279.704,49	0	279.704,49
2018	0	-90.557,05	-90.557,05
2019	51.336,56	0	51.336,56
2020	6.442,38	0	6.442,38
2021	173.223,70	0	173.223,70
2022	0	-744.180,88	-744.180,88
2023	14.053,37	0	14.053,37
Axustes (*)	-185.833,96	-1.048.706,53	-1.234.540,49
TOTAL	2.696.582,75	-6.075.554,15	-3.378.971,40

(*) Axustes resultados anos anteriores (Ingresos e gastos rexistrados directamente en patrimonio neto)

En 2024 axustáronse os excedentes dos exercicios 2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2010, 2013 e 2014 derivado da prescrición dun conxunto de débedas con acredores da Fundación.

En 2023 axustáronse os excedentes dos exercicios 2021 e 2020 derivado da revisión feita pola Axencia Tributaria liquidación do IVE dese período bienal, supondo gastos por eses exercicios por un importe total de 4.545,74 euros.

Amais realizáronse axustes de remanentes exercicios anteriores sen determinar que supuxeron ingresos pola imputación dunha subvención europea (Ecodestin) que financiou gastos anteriores ao 2023 por un importe de 63.823,00 euros, por débedas pendentes de pago por parte da Fundación prescritas por importe de 53.127,56 euros e pola cancelación dunha fianza tamén prescrita por importe de 4.954,60 euros.

11.4.- Ingresos e gastos imputados directamente ao Patrimonio neto

Descrición	Ano 2024	Ano 2023
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2003	3,36	
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2004	527,59	
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2005	7.994,64	
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2006	6.090,73	
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2007	25,50	
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2010	1.700,00	
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2013	315,00	
Prescrición débedas con acredores do exercicio 2014	8,00	
Subvención Programa Ecodestin -financiación gastos previos a 2023-		63.823,00
Cancelación débedas pendentes de pago por prescrición		53.127,56
Cancelación fianza por prescrición		4.954,60
Redución do IVE deducible dos exercicios 2020 e 2021		(4.545,74)
Total	16.664,82	117.359,42

As Contas Anuais do exercicio 2024 non inclúen axustes contra reservas.

As Contas Anuais do exercicio 2023 non inclúen axustes contra reservas.

11.5.- Resultado do exercicio

No exercicio 2024 a Fundación obtivo un excedente negativo por importe de -156.834,02 € (desaforro). No exercicio 2023 a Fundación obtivo un excedente positivo por importe de 14.053,37 € (aforro).

NOTA 12. SUBVENCÍONS, DOAZÓNS E LEGADOS RECIBIDOS

As subvencións e doazóns, tanto de capital como de explotación, percibidas, están vinculadas á actividade propia da Fundación, e ó financiamento dos seus gastos correntes.

O importe imputado por estes conceptos, durante o presente exercicio, e o seu detalle, é o seguinte:

Descrición da subvención	Organismo outorgante	Pendente anos anteriores	Importe concedido e recoñecido no exercicio	Importe imputado a resultados	Imputado a reservas e outras contas	Importe pendente de imputar
Subvención nominativa FDG (gastos correntes, actividades, axudas, patrocinios, etc)(1)	Secretaría Xeral para o Deporte	218.839,08	2.624.460,00	2.722.591,01	0,00	120.708,07
Imputación cesión instalacións (2) (A)	Xunta de Galicia	628.033,43	0,00	227.160,95	0,00	400.872,48
Subvención equipamento Edificio Activo (2)	Consejo General de Deportes	11.470,25	0,00	1.397,87	0,00	10.072,38
TOTAL		858.342,76	2.624.460,00	2.951.149,83	0,00	531.652,93

- (1) Subvencións, doazóns e legados de explotación. Imputáanse a resultados en correlación cos gastos que financian, figurando a súa imputación rexistrada no epígrafe A.1.d da Conta de resultados por importe de 2.722.591,01 euros.
- (2) Subvencións, doazóns e legados de capital. A imputación a resultados do exercicio figura rexistrada no epígrafe A.11 da Conta de resultados por importe de 228.558,82 euros.

O importe imputado por estes conceptos, durante o pasado exercicio, é o seu detalle e o seguinte:

Descrición da subvención	Organismo outorgante	Pendente anos anteriores	Importe concedido e recoñecido no exercicio	Importe imputado a resultados	Imputado a reservas e outras contas	Importe pendente de imputar
Subvención nominativa FDG (gastos correntes, actividades, axudas, patrocinios, etc)(1)	Secretaría Xeral para o Deporte	0,00	4.261.946,00	4.043.106,92	0,00	218.839,08
Imputación cesión instalacións (2) (A)	Xunta de Galicia	855.194,38	0,00	227.160,95	0,00	628.033,43
Subvención equipamento Edificio Activo (2)	Consejo General de Deportes	12.868,12	0,00	1.397,87	0,00	11.470,25
TOTAL		868.062,50	4.261.946,00	4.271.665,74	0,00	858.342,76

- (1) Subvencións, doazóns e legados de explotación. Imputáanse a resultados en correlación cos gastos que financian, figurando a súa imputación rexistrada no epígrafe A.1.d da Conta de resultados por importe de 4.043.106,92 euros.
- (2) Subvencións, doazóns e legados de capital. A imputación a resultados do exercicio figura rexistrada no epígrafe A.11 da Conta de resultados por importe de 228.558,82 euros.

Ao peche dos exercicios 2024 e 2023, os saldos pendentes de cobro derivados das subvencións, doazóns e legados, tanto de capital coma de explotación, que figuran rexistrados no epígrafe B.IV.6 do activo corrente do balance, presentan o seguinte detalle:

Axuda	Organismo que concede	Saldo 31/12/2024	Saldo 31/12/2023
Programa de actividades FDG	Secretaría Xeral para o Deporte	163.122,81	256.376,39
TOTAL		163.122,81	256.376,39

NOTA 13. PROVISIÓNS

A Fundación non mantén provisións rexistradas ao peche do exercicio actual nin no anterior.

NOTA 14. PASIVOS FINANCIEROS

As débedas coa Facenda Pública non se reflicten neste apartado (ver Nota 16 de la Memoria).

A información dos instrumentos financeiros do pasivo do balance da Fundación, tanto a longo prazo como a curto, clasificados por clases e categorías é a seguinte:

CLASES CATEGORÍAS	Débedas con entidades de crédito		Obrigas e outros valores negociables		Derivados e Outros		TOTAL	
	31/12/2024	31/12/2023	31/12/2024	31/12/2023	31/12/2024	31/12/2023	31/12/2024	31/12/2023
Pasivos financeiros a longo prazo: Débitos e partidas a pagar e periodificacións a longo prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	4.653.144,58	25.045,40	4.653.144,58	25.045,40
Total pasivos a longo prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	4.653.144,58	25.045,40	4.653.144,58	25.045,40
Pasivos financeiros a curto prazo: Débitos e partidas a pagar e periodificacións a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	2.658.858,04	3.740.281,73	2.658.858,04	3.740.281,73
Total pasivos a curto prazo	0,00	0,00	0,00	0,00	2.658.858,04	3.740.281,73	2.658.858,04	3.740.281,73
TOTAL PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00	0,00	0,00	7.312.002,62	3.765.327,13	7.312.002,62	3.765.327,13

14.1. Débitos e partidas a pagar

O detalle dos pasivos financeiros incluídos nesta categoría ao peche de cada exercicio é a seguinte:

Epígrafe do balance	Saldo a 31/12/2024	Saldo a 31/12/2023
Pasivos financeiros a longo prazo:		
Provedores de inmovilizado a longo prazo	0,00	0,00
Fianzas recibidas e periodificacións a longo prazo	4.653.144,58	25.045,40
PASIVO NON CORRENTE	4.653.144,58	25.045,40
Pasivos financeiros a curto prazo:		
Débedas a curto prazo	122.738,04	220.939,05
Acredores beneficiarios de subvencións	24.774,14	37.226,64
Acredores	2.003.045,59	2.482.311,57
Partidas pendentes de aplicación	(195,53)	(195,53)
Remunerac. Pdtes pago	0,00	0,00
Periodificacións a curto prazo	508.495,80	1.000.000,00
PASIVO CORRENTE	2.658.858,04	3.740.281,73
TOTAL PASIVOS FINANCIEROS	7.312.002,62	3.765.327,13

Pormenorizando os saldos por operacións comerciais e non comerciais temos:

	IMPORTE 2023	IMPORTE 2023
* Débedas por operacións comerciais	7.286.957,22	3.740.281,73
* Débedas por operacións non comerciais	25.045,40	25.045,40
	7.312.002,62	3.765.327,13

- ✓ As Fianzas recibidas a longo prazo por valor de 25.045,40 euros en 2024, débense ao contrato de concesión das instalacións deportivas de Acea de Ama. Valóranse a custo amortizado, o que orixinou no

exercicio 2008 un cargo na conta de fianzas recibidas con abono á conta 181. Ao final de cada exercicio contabilizase así un gasto financeiro con abono á conta 180 por 0,00.-€ nos exercicios 2024 e 2023 e ao mesmo tempo rexístrase así un ingreso financeiro por 0,00.-€ nos exercicios 2024 e 2023.

- ✓ As **Periodificacións a longo prazo** por valor de 508.495,80 en 2024, débense ao ingreso anticipado pendente de imputación correspondente á anualidade de 2025 do Contrato de Patrocinio publicitario para o "PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA".
- ✓ Na partida **Acredores beneficiarios de subvencións** están recollidas ás débedas que a Fundación ten por axudas monetarias concedidas a deportistas e a entidades deportivas, segundo as convocatorias de axudas efectuadas. O seu detalle ao peche do exercicio era:

Concepto	Saldo a 31/12/2024	Saldo a 31/12/2023
Clubs deportivos	17.000,00	17.000,00
Deportistas	7.774,14	20.226,64
Fundacións	0,00	0,00
Federacións	0,00	0,00
TOTAL ACREDORES-BENEFICIARIOS	24.774,14	37.226,64

- ✓ Na partida **Acredores** están recollidas as débedas que a Fundación ten por contratos de patrocinio publicitario formalizados con entidades deportivas por importe de 1.948.750,08 € ao peche do exercicio 2024 e por importe de 2.406.569,26 € ao peche do exercicio 2023. O resto son débedas con acredores de servizos e outros.
- ✓ Na partida **Débedas a curto prazo** están recollidas as débedas que a Fundación ten, principalmente, con financiadores por subvencións concedidas a executar no curto prazo pola mesma.

14.2. Clasificación por vencementos de Pasivos Financeiros

O vencemento dos Pasivos Financeiros detallado para os próximos 5 exercicios é o seguinte:

PASIVO FINANCIERO	C/P (2025)	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	ANO 2029	ANO 2030 E SEG
Débitos e partidas a pagar	2.658.858,04	1.157.024,79	1.157.024,79	1.157.024,80	1.157.024,80	25.045,40
TOTAL	2.658.858,04	1.157.024,79	1.157.024,79	1.157.024,80	1.157.024,80	25.045,40

Ao peche do exercicio 2023 era:

PASIVO FINANCIERO	C/P (2024)	ANO 2025	ANO 2026	ANO 2027	ANO 2028	ANO 2029 E SEG
Débitos e partidas a pagar	3.740.281,73	0,00	0,00	0,00	0,00	25.045,40
TOTAL	3.740.281,73	0,00	0,00	0,00	0,00	25.045,40

14.3. Información relativa á Conta de Resultados

Os pasivos financeiros durante os exercicios 2024 e 2023 non presentaron gastos nin perdas financeiras debido á valoración das fianzas a longo prazo a custe amortizado.

Non existen gastos financeiros relacionados con débedas fiscais (Facenda Pública) imputados na conta de resultados en 2024 nin en 2023. Non existen gastos financeiros relacionados coas obrigas recollidas na partida de provisións a curto prazo por litixio nos exercicios 2024 e 2023 (ver nota 13 memoria).

14.4. Outra información

- ✓ A Fundación non presenta débedas con garantía real.
- ✓ A Fundación Deporte Galego cumpre co establecido no Artigo 32.2 apartado b), da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP), que sinala: "Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados polo poder adxudicador que fai o encargo e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo xeito pola entidade que fai o encargo."

NOTA 15 OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS.

As partes vinculadas coas que a Fundación realizou transaccións durante o exercicio 2024 e 2023, así como a natureza de dita vinculación, é a seguinte:

	NATUREZA DA VINCULACIÓN
Xunta de Galicia	100% dotación fundacional

15.1. Saldos con entidades vinculadas

Os saldos coas entidades vinculadas, tanto debedores como acredores, a finais do exercicio 2024 e 2023 do balance da Fundación son:

SALDOS PENDENTES CON PARTES VINCULADAS	XUNTA DE GALICIA (*)	
	SALDOS 31/12/2024	SALDOS 31/12/2023
ACTIVO		
B) ACTIVO CORRENTE		
III) Usuarios/as e outros debedores da actividade propia	0,00	0,00
IV.6) Outros créditos coa Admón. Pública por subvencións	163.122,81	256.376,39
IV.7) Fundador desembolsos esixidos (ver nota 11 memoria)	0,00	0,00
TOTAL ACTIVO	163.122,81	256.376,39
C) PASIVO CORRENTE		
VI.6. Outras débedas coa Admón. Pública (subvención a reintegrar)	0,00	0,00
TOTAL PASIVO	0,00	0,00

(*) Trátase dos saldos coa Secretaría Xeral para o Deporte e a Consellería de Traballo.

15.2. Transaccións con entidades e partes vinculadas

As transaccións efectuadas con entidades e partes vinculadas no exercicio 2024 e 2023 e o seu reflexo na conta de resultados son:

Operacións con partes vinculadas no exercicio 2024	Xunta de Galicia	Cargos de alta dirección (ver nota 15.3)
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	2.722.591,01	
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	0,00	
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectas á actividade propia	2.722.591,01	
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasadas ao resultado do exercicio	227.160,95	
TOTAL INGRESOS PARTES VINCULADAS	2.949.751,96	
Axudas monetarias. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		
Gasto de persoal		(65.411,04)
TOTAL GASTOS PARTES VINCULADAS	0,00	(65.411,04)
Vendas de activos non correntes	0,00	0,00
Adquisicións de activos non correntes	0,00	0,00

Operacións con partes vinculadas no exercicio 2023	Xunta de Galicia	Cargos de alta dirección (ver nota 15.3)
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	4.043.106,92	
<i>b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións</i>	0,00	
<i>c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectas á actividade propia</i>	4.043.106,92	
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasadas ao resultado do exercicio	227.160,95	
TOTAL INGRESOS PARTES VINCULADAS	4.270.267,87	
Axudas monetarias. Gastos por colaboracións e do órgano de goberno		
Gasto de persoal		(63.193,92)
TOTAL GASTOS PARTES VINCULADAS	0,00	(63.193,92)
Vendas de activos non correntes	0,00	0,00
Adquisicións de activos non correntes	0,00	0,00

15.3. Padroado e persoal de alta dirección

A composición por sexos dos membros do Padroado e dos Cargos de alto dirección (*) é a seguinte:

✓ **No exercicio 2024:**

Concepto	Homes	Mulleres	Nº
Director-Xerente	1	--	1
Pleno do Padroado	5	2	7

✓ **No exercicio 2023:**

Concepto	Homes	Mulleres	Nº
Director-Xerente	1	--	1
Pleno do Padroado	5	2	7

(*) Enténdese por "Cargos de alta dirección" ao Director-xerente da Fundación.

O 04/11/2020 elévanse a público os acordos do Padroado do 10 de abril de 2019 relativos á modificación dos Estatutos da Fundación Deporte Galego. Prodúcese unha modificación estatutaria nos artigos 28 (Funcións do Director/Xerente), 29 (Comisión de Auditoría e Control) e 34 (Elaboración do Plan e presentación das contas anuais). Esta modificación aproba que a formulación das contas anuais será función do Director-Xerente.

Segundo o artigo 13 dos estatutos fundacionais, vixentes ao peche do exercicio:

13.1. O Padroado quedará composto por seis membros.

13.2. O Padroado estará integrado por:

- a) *Presidente: Secretario/a Xeral ou Director/a Xeral competente en materia de Deporte.*
- b) *Vicepresidente: Secretario/a Xeral ou Director/a Xeral da Xunta de Galicia con competencias en materia de Asesoría Xurídica.*
- c) *Vogais:*

- A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica dependente da consellería con competencias en materia de Facenda.
- A persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.
- A persoa titular da Dirección da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG). En tanto non se nomeen os cargos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, actuará como vogal a persoa titular da Dirección Xeral da Compañía de Radio-Televisión de Galicia”.
- Unha persoa do departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de deportes, designado polo Presidente.

13.3. Actuará como Secretario/a do Padroado, con voz pero sen voto, unha persoa designada para o efecto polo/a Presidente/a.

Padroado

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e exercerá as funcións que lle corresponden de conformidade coa lexislación vixente e co establecido nos Estatutos da Fundación.

A composición do Padroado ao 31 de decembro de 2024 era o seguinte:

Nome	Representación	Cargo
Sr. Don José Ramón Lete Lasa	Secretario Xeral para o Deporte	Presidente
Sr. Don Manuel Pillado Quintáns	Director Xeral da Asesoría Xurídica Xeral	Vicepresidente
Sr. Don David Cabañó Fernández	Secretaría Xeral e do Tesouro	Vogal
Sr. Don José Manuel Merelle Remy	Director da Axencia Turismo de Galicia	Vogal
Sr. Don Alfonso Sánchez Izquierdo	Director Xeral CRTVG	Vogal
Sr. Dona Belia Méndez Rial	Subdirectora Xeral de Plans e Programas da S.X. para o Deporte	Vogal
Sr. Dona Alicia Seijas Pena	--	Secretario

Os Estatutos da Fundación establecen que os membros dos órganos de goberno exercerán gratuitamente o seu cargo, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos xustificadas derivados do exercicio de aquel, aínda que ditas cantidades non se devindicarán neste exercicio.

- a) Neste exercicio e no anterior, todos os membros do Padroado exercen o seu cargo gratuitamente e non perciben retribución algunha polo desempeño da súa función.
- b) Os gastos de reembolso do órgano de goberno correspóndense cos gastos de desprazamento e manutención dos mesmos, estando completamente xustificadas o seu importe e destino segundo figura na nota 18.1 da memoria.
- c) Non se concederon aos membros do órgano de goberno da entidade anticipos ou créditos algúns.
- d) Non se contraeron obrigas en materia de pensións e de seguros de vida respecto aos membros antigos e actuais do órgano de goberno.
- e) Non se asumiron obrigas por eles a título de garantía nin activos afectos ás mesmas nin limitacións de dispoñibilidade de líquido.

Persoal de alta dirección

O persoal de alta dirección do padroado e da comisión permanente da Fundación é o director-xerente da mesma. Non houbo cambios durante 2024 nin 2023.

As remuneracións salariais devindicadas no exercicio 2024 polo Director-Xerente da Fundación ascenderon a - 49.986,84 € en concepto de soldos e salarios, existindo un custo para a Fundación de seguridade social de - 15.424,20 €.

As remuneracións salariais devindicadas no exercicio 2023 polo Director-Xerente da Fundación ascenderon a - 48.539,88 € en concepto de soldos e salarios, existindo un custo para a Fundación de seguridade social de - 14.654,04 €.

Non se concederon anticipos ou créditos algúns, nin se contraeron obrigas en materia de pensións e de seguros de vida respecto a xerencia da Fundación.

NOTA 16. SITUACIÓN FISCAL

O detalle dos saldos relativos a activos fiscais e pasivos fiscais ao peche do exercicio 2024 e ao peche do exercicio 2023 é a seguinte:

	SALDO A 31/12/2024	SALDO A 31/12/2023
Activo Corrente		
* Activos por imposto corrente	0,00	0,00
* Outros créditos coas Administracións Públicas		
IVE (Ver nota 16.2 memoria)	253.035,19	465.561,29
Seguridade Social debedora	2.056,14	--
Adm. Pública debedora por subvencións	--	--
TOTAL ACTIVOS FISCAIS	255.091,33	465.561,29
Pasivo Corrente		
* Outras débedas coas administracións públicas		
IRPF profesionais	25.189,34	109.388,85
IRPF Empregados	14.390,75	14.381,25
Seguridade Social	2.075,95	-119,25
IVE repercutido	46,42	46,42
Devolución de subvencións (Consellería Traballo)	--	--
TOTAL PASIVOS FISCAIS	41.702,46	123.697,27

16.1. Imposto sobre sociedades

A Fundación figura acollida ao réxime fiscal especial recollido na Lei 49/2002.

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, regula, no seu Título II, o réxime fiscal especial aplicable ás entidades sen fins lucrativos, sempre que estas cumpran os requisitos establecidos no Capítulo I de dito título, onde se definen as características das devanditas entidades. En especial, no Título II, Capítulo II recóllese a normativa aplicable ás Fundacións referente ao Imposto sobre Sociedades. Pola súa banda, a lei desenvólvese polo seu regulamento, aprobado por Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Coa entrada en vigor de dita Lei, compútanse unicamente como base imponible do Imposto sobre Sociedades os ingresos e gastos correspondentes ás explotacións económicas non exentas, sendo gravada a un tipo único do 10%. Como novidade, declárase a exención das seguintes rendas: as derivadas dos ingresos obtidos sen contraprestación; as procedentes do patrimonio mobiliario e inmobiliario da entidade, como os dividendos, intereses, canons e alugueres; as derivadas de adquisicións ou de transmisións, por calquera título, de bens ou dereitos, as obtidas no exercicio das explotacións económicas exentas e, finalmente, as que de acordo coa normativa tributaria deban ser atribuídas ou imputadas ás entidades sen fins lucrativos.

Identificamos a continuación as rendas exentas e non exentas do Imposto sobre Sociedades, sinalando o correspondente número e letra dos artigos 6 e 7 da Lei 49/2002, que ampara a exención con indicación dos ingresos e gastos de cada unha delas, todo iso segundo o artigo 3.1.a do Real Decreto 1270/2003, de 10 de outubro.

Exercicio 2024:

A totalidade das rendas obtidas pola Fundación ao longo do exercicio 2023 teñen a consideración de exentas do Imposto sobre Sociedades. Son os seguintes artigos da Lei 49/2002: artigo 6 os apartados 1.a, 1.b, 1.c, 2 e 4.

Descrición	Artigo Lei 49/2002
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	
<i>b) Achegas de usuarios/as</i>	Artigo 6.4º (*)
<i>c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións</i>	Artigo 6.1º a) e b)
<i>d) Subvencións imputadas ao excedente do exercicio</i>	Artigo 6.1º c)
2. Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	Artigo 6.2º.
3. Outros ingresos	Artigo 6.2º. e 6. 4º (*)
4. Subvencións, doazóns e legados de capital imputados ao resultados (actividade propia)	Artigo 6. 1º c)
5. Ingresos financeiros	Artigo 6. 2º
6. Ingresos excepcionais	Artigo 6. 4º (*)

(*) Apartados 10, 11 e 12 do artigo 7 de la Lei 49/2002

Preséntase a continuación a conciliación entre o resultado contable e o resultado fiscal, así como a base para establecer a previsión do imposto de sociedades do exercicio 2024.

EXERCICIO 2024 CONCILIACION DO RESULTADO COA BASE IMPOÑIBLE DO IMPOSTO	AUMENTOS	DIMINUCIÓNS	IMPORTE FINAL
Resultado Contable do exercicio	---	---	(156.834,02)
Errores contables (ingreso e gasto directamente en patrimonio neto)	---	---	--
Cambios en estimacións (ingreso e gasto directamente en patrimonio neto)			--
Diferenzas permanentes:			
— Resultado actividades exentas	---	(156.834,02)	(156.834,02)
— Gasto por Imposto Sociedades	---	---	---
Diferenzas Temporarias	---	---	---
Rendementos suxeitos	---	---	---
Base Imponible	---	---	---
Cota Integral (10%)	---	---	---
Retencións	---	---	0,00
Pagos a Conta	---	---	---
A devolver	---	---	0,00

No presente exercicio non foron xerados incentivos fiscais por deducións medio ambientais.

A Fundación non posúe cotas íntegras negativas pendentes de compensar fiscalmente.

Exercicio 2023:

A totalidade das rendas obtidas pola Fundación ao longo do exercicio 2023 teñen a consideración de exentas do Imposto sobre Sociedades. Son os seguintes artigos da Lei 49/2002: artigo 6 os apartados 1.a, 1.b, 1.c, 2 e 4.

Descrición	Artigo Lei 49/2002
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	
<i>b) Achegas de usuarios/as</i>	Artigo 6.4º (*)
<i>c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións</i>	Artigo 6.1º a) e b)
<i>d) Subvencións imputadas ao excedente do exercicio</i>	Artigo 6.1º c)
2. Vendas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil	Artigo 6.2º.
3. Outros ingresos	Artigo 6.2º. e 6. 4º (*)
4. Subvencións, doazóns e legados de capital imputados ao resultados (actividade propia)	Artigo 6. 1º c)
5. Ingresos financeiros	Artigo 6. 2º
6. Ingresos excepcionais	Artigo 6. 4º (*)

(*) Apartados 10, 11 e 12 do artigo 7 de la Lei 49/2002

Preséntase a continuación a conciliación entre o resultado contable e o resultado fiscal, así como a base para establecer a previsión do imposto de sociedades do exercicio 2023.

EXERCICIO 2023 CONCILIACION DO RESULTADO COA BASE IMPOÑIBLE DO IMPOSTO	AUMENTOS	DIMINUCIÓNS	IMPORTE FINAL
Resultado Contable do exercicio	---	---	14.053,37
Errores contables (ingreso e gasto directamente en patrimonio neto)	---	---	--
Cambios en estimacións (ingreso e gasto directamente en patrimonio neto)			161.950,82
Diferenzas permanentes:			
— Resultado actividades exentas	---	(176.004,19)	(176.004,19)
— Gasto por Imposto Sociedades	---	---	---
Diferenzas Temporarias	---	---	---
Rendementos suxeitos	---	---	---
Base Imponible	---	---	---
Cota Integra (10%)	---	---	---
Retencións	---	---	0,00
Pagos a Conta	---	---	---
A devolver	---	---	0,00

No presente exercicio non foron xerados incentivos fiscais por deducións medio ambientais.

A Fundación non posúe cotas íntegras negativas pendentes de compensar fiscalmente.

16.2. Imposto sobre valor engadido

A Fundación optaba para a tributación do IVE polo réxime xeral do imposto. No ano 2024 e 2023, e como consecuencia do cambio na normativa do IVE, aplicou prorrata especial (rateo) para sectores diferenciados,

deducindo a totalidade do IVE para todas as actividades, agás para a "xestión directa das instalacións", pola que non se deduce ningún IVE soportado.

O detalle dos créditos que figuran no activo corrente do balance polo IVE ao peche dos exercicios 2023 e 2022 é o seguinte:

	SALDO A 31/12/2024	SALDO A 31/12/2023
IVE 2020 a compensar	0,60	0,60
IVE 2021 a compensar	0,00	0,00
IVE 2022 a compensar	0,00	0,00
IVE 2023 a compensar	118,72	465.183,77
IVE 2024 a compensar	252.915,87	0,00
TOTAL ACTIVOS FISCAIS POR IVE	253.035,19	465.184,37

IVE do período 2013 a 2016:

Con data 12 de abril de 2017 notificábase á Fundación o inicio dunha nova actuación inspectora referida aos Impostos sobre o Valor Engadido dos períodos 2013 a 2016, ambos inclusive. No procedemento levantouse, en data 8 de outubro do 2018 acta de desconformidade.

Con data 9 de novembro de 2018 notificouse Acordo de Liquidación, pola cal se anulan os créditos que ten declarados a Fundación por importe de 638.523,59 €, e da que resulta unha débeda coa Facenda pública por importe de 377.546,00 €, correspondentes ás cotas do IVE (332.153,43 €) máis xuros de demora (45.392,57 €), débeda que foi aboada o 19 de decembro de 2018.

Sen prexuízo de proceder ao pago dentro do período voluntario, non considerando conforme a Dereito a nova liquidación practicada – que exclúe o dereito para deducir o IVE correspondente aos contratos de patrocinio celebrados como patrocinador pola Fundación – interpúxose reclamación económico-administrativa ante o TEARG. Posto de manifesto o expediente polo prazo dun mes, formulouse escrito de alegacións. En data 10/11/2021 notificouse resolución ditada polo Tribunal Económico-Administrativo Rexional de Galicia de data 16/09/2021 acordando desestimar a reclamación interposta, referíndose o Tribunal á Fundación como unha “fundación de promoción pública” e como “mero executor de políticas públicas” e considerando que a inaplicación do suposto de non suxeición do artigo 7.8º da Lei do IVE non é unha cuestión controvertida, senón que o é a cualificación a efectos do IVE dos contratos de patrocinio publicitario celebrados pola Fundación, negando que os mesmos teñan encaixe no concepto de publicidade e afirmando que se trata dunha mera obrigaón de divulgar a colaboración recibida.

En data 10/12/2020 interpúxose fronte á resolución recurso de alzada, o cal se atopa pendente de resolver por parte do Tribunal Económico-Administrativo Central. Ao haber resollido o Tribunal Supremo sobre a cuestión discutida con respecto ao IVE dos exercicios 2013 a 2016 – a deducibilidade do IVE correspondentes aos contratos de patrocinio celebrados con deportistas e entidades deportivas –, presentouse ante o TEAC un escrito poñendo en coñecemento do mesmo o ditado da sentenza de 26/10/2021 (RCA 8146/2019) e solicitando dítese resolución estimatoria do recurso de alzada interposto pola Fundación Deporte Galego.

En data 19 de abril de 2023 o Tribunal Económico-Administrativo Central resolveu o devandito recurso de alzada desestimando o recurso da Fundación e confirmando a resolución impugnada obviando a análise da sentenza emitida a favor da Fundación por parte do Tribunal Supremo.

Con data 2 de xuño de 2023 interpúxose un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, entendendo, a Fundación, que a aplicación da sentenza anterior é contraria á propia do Tribunal Supremo.

Á data de formulación das presentes contas anuais do exercicio 2024 descoñecía-se o resultado de dita reclamación.

A xuízo dos asesores da Fundación, salvo mellor criterio en dereito, estímase que a evolución posible da inspección debera ser favorable aos intereses da Fundación, cando menos de xeito substancial, o igual que en relación coas liquidacións emitidas respecto da actuación inspectora correspondente ós períodos anteriores, obxecto de discrepancia e resoltos favorablemente, alo menos substancialmente, para a Fundación.

▪ IVE do período 2021 a 2022:

A Fundación Deporte Galego foi obxecto da actuación inspectora por parte do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal da Administración Tributaria, seguíndose procedemento inspector de comprobación e investigación de alcance xeral do IVE correspondente aos exercicios 2021 e 2022.

Con data 19 de xullo de 2023 foi asinada Acta de Conformidade coa Axencia Estatal da Administración Tributaria pola que se acepta por parte do Departamento de Inspección desta que as declaracións presentadas son correctas en consecuencia coa existencia dunha actividade que ten ingresos exentos e non exentos e pola aplicación da prorrata (rateo). Desta resolución resultou unha contía a devolver a favor da Fundación de 1.031.882,17 euros que foron ingresados na conta bancaria desta o 27 de xullo de 2023. Unicamente indica a resolución que se minora o importe a devolver, respecto ao presentado, en 419,27 euros.

▪ IVE do período 2023:

A Fundación Deporte Galego foi obxecto da actuación inspectora por parte do Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal da Administración Tributaria, seguíndose procedemento inspector de comprobación e investigación de alcance xeral do IVE correspondente ao exercicio 2023 durante o 2024.

- Con data 20 de setembro de 2024 foi asinada Acta de Conformidade coa Axencia Estatal da Administración Tributaria pola que se acepta por parte do Departamento de Inspección desta que as declaracións presentadas son correctas en consecuencia coa existencia dunha actividade que ten ingresos exentos e non exentos e pola aplicación da prorrata (rateo). Desta resolución resultou unha contía a devolver a favor da Fundación de 465.374,78 euros que foron ingresados na conta bancaria desta o 17 de outubro de 2024.

▪ IVE do período 2024:

A Fundación Deporte Galego presentou unha declaración do IVE correspondente ao exercicio 2023 a compensar, polo que aínda, non fixo ningunha solicitude sobre dito importe.

16.3. Impostos locais

A Fundación goza de exención no IBI e no IAE, de acordo co estipulado na Lei 49/2002, de 23 de decembro, no seu Título II, no Capítulo III.

16.4. Outras indicacións

Segundo as disposicións legais vixentes, as liquidacións de impostos non poden considerarse definitivas ata que non foran inspeccionadas polas autoridades fiscais ou transcorrido o prazo de prescrición legal, actualmente establecido en catro anos. A Fundación ten abertos a inspección os catro últimos exercicios para tódolos impostos que lle sexan aplicables, en particular:

<u>IMPOSTO</u>	<u>EXERCICIOS</u>
Imposto sobre Sociedades	2020, 2021, 2022, 2023 e 2024
Imposto sobre o Valor Engadido	2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022, 2023 e 2024
Transmisións Patrimoniais	2021, 2022, 2023 e 2024
Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas	2021, 2022, 2023 e 2024

As declaracións non poden considerarse definitivas ata a súa prescrición ou a súa aceptación por parte das autoridades fiscais e, con independencia de que a lexislación fiscal é susceptible a interpretacións, a Comisión de Auditoría e Control da Fundación, así como os seus asesores fiscais, estiman que calquera pasivo fiscal adicional que puidese poñerse de manifesto, como consecuencia dunha eventual inspección, non terá un efecto significativo nas contas anuais tomadas no seu conxunto. En canto ao IVE, dada a complexidade das operacións da Fundación poderían existir determinados pasivos fiscais de carácter continxente e determinadas deterioracións de créditos fiscais, todos eles de difícil cuantificación obxectiva.

NOTA 17. GARANTÍAS E OUTROS PASIVOS CONTINXENTES

17.1.- Garantías e Avais comprometidos

Avais:

Ao final de 2024 e 2023 a Fundación Deporte Galego non presenta avais.

Outras garantías comprometidas:

- ✓ A Fundación presenta formalizados ao peche dos exercicios 2024 e 2023 diversos contratos adxudicados e convenios formalizados, con vixencia nos exercicios 2025 e 2024, respectivamente, polos que presenta os seguintes compromisos de pago, non recoñecidos no balance de situación en aplicación da normativa contable (Ver nota 18.16 e 18.17 da memoria).

Ao peche do exercicio 2024:

CONCEPTO	ANUALIDADE 2024 E SEGUINTE (IVE INCLUIDO) (COMPROMISO PAGO)
Contratos patrocinio	0,00
Contratos formalizados con vixencia en 2024	587.509,86
Convenios formalizados con vixencia en 2023	0,00
TOTAL	587.509,86

Ao peche do exercicio 2023:

CONCEPTO	ANUALIDADE 2023 E SEGUINTE (IVE INCLUIDO) (COMPROMISO PAGO)
Contratos patrocinio	0,00
Contratos formalizados con vixencia en 2023	1.279.286,77
Convenios formalizados con vixencia en 2023	0,00
TOTAL	1.279.286,77

17.2.- Continxencias

Preitos e Litixios en curso:

A Fundación non ten ningún preito ou litixio en curso.

NOTA 18. INGRESOS E GASTOS

18.1.- GASTOS DE ADMINISTRACIÓN DO PATRIMONIO DA ENTIDADE

O artigo 27.2 da Lei 50/2002 di: “enténdese por gastos de administración os directamente ocasionados pola administración dos ben e dereitos que integran o patrimonio da Fundación, e aqueles outros dos que os patróns teñen dereito a resarcirse de acordo co artigo 15.4”. Segundo dito artigo 15.4, “Os patróns exercerán o seu cargo gratuitamente sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas que o cargo lles ocasione no exercicio da súa función. Non obstante, e salvo que o fundador dispuxese o contrario, o Padroado poderá fixar unha retribución adecuada a aqueles patróns que presten á Fundación servizos distintos dos que implica o desempeño das funcións que lles corresponden como membros do Padroado, previa autorización do Protectorado”.

Non existen gastos de administración do padroado no presente exercicio e no anterior.

18.2.- Aproximacións

Neste apartado figuran os importes dos contratos asinados con terceiros para a execución de contratos de asistencia técnica das instalacións xestionadas pola Fundación.

Denominación	Importe 2024	Importe 2023
CONTROL LIMPEZA PAVILLÓNS E MEICENDE	334.632,86	326.717,67
XESTIÓN COMPLEXO ACUÁTICO MONTERREI	333.894,23	120.240,07
TOTAL	668.527,09	446.957,74

18.3.- Axudas monetarias

O detalle da partida da conta de Resultados dos exercicios 2024 e 2023, "Axudas monetarias" é o seguinte:

Denominación	Total 2024	Total 2023
Axudas monetarias Promoción Deporte Galego Fundación Universidade de A Coruña	20.000,00	20.000,00
Axudas monetarias individuais a Deportistas Galegos de Alto Nivel	418.000,00	701.890,00
Axudas monetaria individuais a Persoas Técnicas/Adestradoras e/ou Xuíces/Árbitros Galegos de Alto Nivel	58.500,00	45.500,00
TOTAL	496.500,00	767.390,00

18.4.- Detalle de:

a) Gastos de persoal

Durante os exercicios económicos 2023 e 2022, o detalle dos gastos de persoal, rexistrados na partida A) 8. da Conta de resultados, é o seguinte:

GASTOS DE PERSOAL	IMPORTE 31-12-2024	IMPORTE 31-12-2023
Soldos e salarios	(283.991,54)	(287.377,06)
Seguridade Social a cargo da Fundación	(92.442,74)	(91.113,45)
Outros Gastos Sociais	(2.160,00)	(2.160,00)
TOTAIS	(378.594,28)	(380.650,51)

b) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais

No exercicio 2024 non se contabilizaron deterioracións de operacións comerciais.

No exercicio 2023 non se contabilizaron deterioracións de operacións comerciais.

18.5.- Ingresos da entidade pola actividade propia:

Durante o exercicio 2024 e 2023 producíronse ingresos por actividade propia, rexistrados na partida A) 1 da Conta de resultados, por:

CONTA	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
Achegas de usuarios/as	255.657,09	61.397,70
Ingresos promocións, patrocinadores e colaboracións	1.648.528,99	1.000.000,00
Subvencións, doazóns e legados de capital imputados a rdos afectas a actividade propia	2.722.591,01	4.043.106,92
Reintegro de axudas e asignacións (ver nota 18.3. memoria)	0,00	0,00
TOTAL INGRESOS POLA ACTIVIDADE PROPIA	4.626.777,09	5.104.504,62

Cotas usuarios e afiliados

Trátase das cotas percibidas polos usuarios das instalacións deportivas xestionadas pola Fundación e non externalizada a súa xestión. O seu detalle foi:

CONTA	IMPORTE 2024	IMPORTE 2023
Usuarios Monterrei	200.293,34	0,00
Usuarios Pavillóns e campos de fútbol	55.363,75	61.397,70
TOTAL COTAS USUARIOS E AFILIADOS	255.657,09	61.397,70

Ingresos promocións, patrocinadores e colaboracións por actividade propia

O seu detalle foi:

Concepto	Saldo 2024	Saldo 2023
Contrato de patrocinio publicitario formalizado con ABANCA (patrocinio equipos alta competición Galicia)	1.648.528,99	1.000.000,00
TOTAL	1.648.528,99	1.000.000,00

O importe dos ingresos por promocións, patrocinadores e colaboracións por actividade propia está composto, exclusivamente, polo Plan de Patrocinio Publicitario asinado coa entidade financeira Abanca Corporación Bancaria, S.A.

- Asinouse en 2020 un contrato de patrocinio para 5 anos entre 2020 e 2024, ambos inclusive, (asinado o 15 de abril de 2020). O importe anual deste para financiar o Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia tiña un importe de 1.000.000 euros anuais máis I.V.E. Dese xeito, o importe da táboa anterior de 2023 corresponde coa anualidade do 2023.
- Asinouse en 2024 unha addenda ao contrato de patrocinio anterior para outros cinco anos entre 2025 e 2029, ambos inclusive (asinado o 23 de xullo de 2024). O importe de cada anualidade para financiar o Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia ten un importe de 1.157.024,79 euros anuais máis I.V.E.
- O 20 de decembro de 2024 asínase unha modificación da citada addenda, pola que se autoriza a financiar co patrocinio de 2025 os plans de patrocinio de Equipos de Alta Competición do ano 2023/2024. A resultas desta modificación, o importe da anualidade do exercicio 2025 pasou a financiar dúas anualidades, 2024 e 2025. O criterio de imputación na conta de resultados desa anualidade foi en

función do gasto contable en patrocinio publicitario dos Equipos de Alta Competición incluídos no Plan de Patrocinio, executado neses dous exercicios á data de formulación destas contas anuais.

Os saldos pendentes de cobro ao peche do exercicio 2024 e 2023 figuran na partida B) III Usuarios/as e outros debedores da actividade propia (ver nota 9 da memoria).

Subvencións, doazóns e legados de explotación por actividade propia

Trátase dos ingresos imputados a resultados do exercicio por subvencións de explotación que presentan a condición de “non reintegrables” e que financiaron gastos de explotación do exercicio (ver nota 12 da memoria).

18.6.- Servizos exteriores

Os gastos recollidos no epígrafe A) 9.a da Conta de Resultados “Outros Gastos de Explotación. Servizos exteriores” recollen fundamentalmente:

CONCEPTO	SALDO 2024	SALDO 2023
Arrendamentos e canons	0,00	0,00
Reparacións e mantemento	91.333,91	75.419,17
Servizos profesionais	39.319,53	91.628,07
Transportes	0,00	0,00
Primas seguros	10.564,43	6.231,99
Servizos bancarios	610,60	76,63
Publicidade, propaganda e rel Púb.. (*)	3.177.410,10	3.186.779,20
Subministros	34.216,42	39.293,04
Outros servizos	137.554,04	256.669,42
TOTAL	3.491.009,03	3.656.097,52

(*) Nos anos 2024 e 2023 a partida de publicidade correspóndese cos convenios asinados de patrocinio publicitario dos equipos de alta competición e deportistas de Galicia (Ver notas 18.16 e 18.17 da memoria).

18.7.- Outros ingresos de explotación.

Os saldos ao peche de cada exercicio son:

CONCEPTO	SALDO 2024	SALDO 2023
Canons instalacións (ver nota 8.2.2)	220.177,07	159.266,18
Comisións vending	354,89	469,44
Outros ingresos	0,00	0,00
TOTAL	220.531,96	159.735,62

18.8.- Cifra de negocio correspondente ás actividades ordinarias

Non existen ingresos rexistrados no apartado A 2. da Conta de resultados *Ventas e Outros Ingresos Ordinarios da Actividade Mercantil*, nos exercicios 2024 e 2023.

18.9.- Cadro de persoal, segundo categorías e sexos:

O persoal medio empregado pola Fundación no ano 2024 ascendeu a 9 traballadores, 8 fixos e 1 eventual. O seu detalle por categorías e sexos é o seguinte:

Categorías	Fixos		Eventuais		Total número medio
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Director	3	1	0	0	4
Coordinador (*)	1	0	0	0	1
Auxiliar Administrativo	0	2	0	0	2
Administrativo Contable	0	0	0	1	1
Director-Xerente	1	0	0	0	1
TOTAL. Exercicio 2024	5	3	0	1	9

(*) Con data 15/12/2019 recoñécese a situación de incapacidade permanente no grao de absoluta deste persoal que non será revisada ata novembro do 2021. Por este motivo e pola RPT da Fundación a mesma segue a contar con esta persoa no seu cadro de persoal.

O persoal medio empregado pola Fundación no ano 2023 ascendeu a 9 traballadores, 8 fixos e 1 eventual. O seu detalle por categorías e sexos é o seguinte:

Categorías	Fixos		Eventuais		Total número medio
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Director	3	1	0	0	4
Coordinador (*)	1	0	0	0	1
Auxiliar Administrativo	0	2	0	0	2
Administrativo Contable	0	0	0	1	1
Director-Xerente	1	0	0	0	1
TOTAL. Exercicio 2023	5	3	0	1	9

(*) Con data 15/12/2019 recoñécese a situación de incapacidade permanente no grao de absoluta deste persoal que non será revisada ata novembro do 2021. Por este motivo e pola RPT da Fundación a mesma segue a contar con esta persoa no seu cadro de persoal.

O número de empregados da Fundación ao peche do exercicio 2024, distribuído segundo as súas categorías e sexos, é o seguinte:

CATEGORÍAS	Fixos		Eventuais		Total
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Director	3	1	0	0	4
Coordinador (*)	1	0	0	0	1
Auxiliar Administrativo	0	2	0	0	2
Administrativo contable	0	0	0	1	1
Director-Xerente	1	0	0	0	1
Totais a 31/12/2024	5	3	0	1	9

(*) Con data 15/12/2019 recoñécese a situación de incapacidade permanente no grao de absoluta deste persoal que no será revisada ata novembro do 2021. Por este motivo e pola RPT da Fundación a mesma segue a contar con esta persoa no seu cadro de persoal.

O número de empregados da Fundación ao peche do exercicio 2023, distribuído segundo as súas categorías e sexos, é o seguinte:

CATEGORÍAS	Fixos		Eventuais		Total
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Director	3	1	0	0	4
Coordinador (*)	1	0	0	0	1
Auxiliar Administrativo	0	2	0	0	2
Administrativo contable	0	0	0	1	1
Director-Xerente	1	0	0	0	1
Totais a 31/12/2023	5	3	0	1	9

(*) Con data 15/12/2019 recoñécese a situación de incapacidade permanente no grao de absoluta deste persoal que no será revisada ata novembro do 2021. Por este motivo e pola RPT da Fundación a mesma segue a contar con esta persoa no seu cadro de persoal.

Incluídas nos cadros anteriores, o detalle das persoas empregadas no curso do exercicio con discapacidade maior ou igual ao 33% por categorías, é o seguinte:

	2024	2023
Auxiliar Administrativo	1	1
Totais a 31/12	1	1

18.10.- Outros resultados (epígrafe A.14 da conta de resultados)

Exercicio 2024: Rexistráronse ingresos excepcionais por 43.037,18 €, dos que 27.416,86 euros corresponden a unha penalización imposta a un proveedor de servizos e 15.620,32 € corresponden a importes pendentes de abono a Clubs Deportivos dentro dos programas de Patrocinio Publicitario que se consideran non debidamente xustificadas ou que foron rexeitados por estes e, por tanto, volven como ingreso á Fundación.

Exercicio 2023: Rexistráronse ingresos excepcionais por 24.689,17 €, que corresponden a importes pendentes de abono a Clubs Deportivos dentro dos programas de Patrocinio Publicitario que se consideran non debidamente xustificadas ou que foron rexeitados por estes e, por tanto, volven como ingreso á Fundación.

18.11.- Actividades de mecenado.

- a) A Fundación non entregou doazóns no exercicio 2024 e 2023.

18.12.- Identificación ingresos, gastos e investimentos por actividade realizada pola entidade

